

CONVOCATORIA PARA A CELEBRACIÓN DO ACTO DE ELECCIÓN DE DESTINO

O 22 de xullo de 2026 publicase no DOG a Resolución do 15 de xullo de 2026 pola que se convoca para a elección de destino definitivo ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso como persoal laboral fixo da Axencia Galega de Innovación, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, convocado pola Resolución do 20 de decembro de 2022 (anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 248 do 30 de decembro).

Dita resolución establece no artigo 6 que as persoas aspirantes poden RENUNCIAR no prazo de cinco (5) días hábiles desde o día seguinte á publicación desta resolución no DOG ou de xeito presencial no momento da celebración do acto de elección de destino. De exercer dita opción quedará excluída do proceso e decaerá no seu dereito a ser nomeada persoal laboral fixo da Axencia no grupo ao que accede.

Dentro dos prazos establecidos Laura Rodríguez Espasandín (***9606**) presentou a renuncia expresa á praza na Axencia Galega de Innovación quedando sen cubrir unha praza do Grupo I categoría 4.

En aplicación do citado artigo 6 da Resolución do 15 de xullo de 2026 e conforme ás instrucións de desenvolvemento do acto de elección de destino, despois da renuncia á praza na Axencia o seu lugar será ocupado pola seguinte persoa aspirante, consonte a orde de prelación derivada das puntuacións do proceso selectivo que figuran como anexo da Resolución do 18 de decembro de 2024, da Comisión de Selección designada para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización da Axencia.

Polo que antecede, convócase á seguinte persoa aspirante da lista de reserva da Resolución do 18 de decembro de 2024, José Manuel Pesqueira Sánchez (***7998**), para a realización do ACTO DE ELECCIÓN DE DESTINO DEFINITIVO do proceso o **XOVES 30 de XULLO de 2026 ás 10:00 horas** no salón de actos das dependencias da Axencia Galega de Innovación sitas na rúa Airas Nunes s/n, Santiago de Compostela.

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta na marxe.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Coteló Queijo

